

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 29 DE OUTUBRO DE 2019.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Diego A. Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a VANESA GARCÍA BARREIRO

SECRETARIA XERAL

ACCIDENTAL:

D.^a María de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de outubro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa en funcións D.^a María Guadalupe Pombo Carril (resolución da alcaldía de data vinte e oito de outubro do ano dous mil dezanove) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral accidental, D.^a María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinteun de outubro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 21 de outubro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución de 16 de outubro de 2019, do Ministerio de Facenda, -Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local- pola que se desenvolve a información a subministrar polas corporacións locais relativa ao esforzo fiscal de 2017 e a súa comprobación nas Delegacións de Economía e Facenda. BOE núm. 257 do 25-10-2019.
- Orde do 16 de outubro de 2019, da Consellería de Política Social, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2019 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. DOG núm. 202 do 23-10-2019.
- Anuncio do 16 de outubro de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación no concelleiro da Corporación Don Diego A. Taibo Monelos da competencia para a celebración do matrimonio civil entre C.L.T e J.R.T.G.C o día 19/10/2019 ás 18.30 horas. BOP núm. 201 do 22-10-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Código do documento	Código do expediente
USG13I0184	USG/2019/206
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
593Y 6H1B 6V3N 362T 065E	

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

- Resolución núm. 1736 de data do 17/10/2019, pola que se require á D.^a M. L. P. I. para que no prazo dun mes retire da vía pública o vehículo abandonado que ten a matrícula 1290BTX.
- Resolución núm. 1737 de data do 17/10/2019, pola que se require á D. E. M. para que no prazo dun mes retire da vía pública o vehículo abandonado que ten a matrícula C-2478-BZ.
- Resolución núm. 1740 de data do 17/10/2019, pola que se informa favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo matrícula 3397KZZ, en substitución do que ten a matrícula 8431GNG, para a licenza de taxi núm. 34.
- Resolución núm. 1741 de data do 17/10/2019, pola que se expide a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo matrícula 5005KZK, en substitución do que ten a matrícula 2356GFB, para a licenza de taxi núm. 16.
- Resolución núm. 1742 de data do 17/10/2019, pola que se expide a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo matrícula 8662KZV, en substitución do que ten a matrícula 3749HMY, para a licenza de taxi núm. 26.
- Resolución núm. 1743 de data do 17/10/2019, pola que se ordena á A. M. Z. M., como propietaria, á realización nos terreos situados na parcela co referencia catastral 15031A5000425, da súa limpeza, tala e roza.
- Resolución núm. 1744 de data do 17/10/2019, pola que se ordena á M. Z. M., como propietaria, á realización nos terreos situados na parcela co referencia catastral 15031A05000425, da súa limpeza, tala e roza.
- Resolución núm. 1745 de data do 17/10/2019, pola que se ordena á P. V. M., como propietaria, á realización nos terreos situados na parcela co referencia catastral 15031A5000426, da súa limpeza, tala e roza.
- Resolución núm. 1752 de data do 18/10/2019, pola que se ordena á PROMOCIONES INMOBILIARIAS 2426, SL, como propietaria, á realización nos terreos situados na parcela co referencia catastral 15031A00900401, da súa limpeza, tala e roza.”

C.I.F. P-1503100-H

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Visto e prace

A alcaldesa en funcións,
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)